

# Cando se celebrará a votación?

**A votación celebrarase nunha única xornada o mércores 25 de febreiro**

# Como podo obter máis información?

Haberá varias reunións informativas:

- Educación Infantil: Xoves 19 de febreiro
- 1º Ciclo de Primaria: Xoves 19 de febreiro
- 2º Ciclo de Primaria: Xoves 12 de febreiro
- 3º Ciclo de Primaria: Xoves 12 de febreiro

Estas reunións celebraranse na biblioteca do noso centro ás 17:00 horas. **Se non pode vir a reunión correspondente ao grupo do seu fillo/a pero pode acudir a alguna das outras, pedímoslle que o faga para que ningún pai/nai/titor quede sen información.**

Tamén poden acudir ao centro calquer outro día en horario de atención a pais/nais para solicitar información.

# Distribución Horaria

|                                                | Luns                | Martes                                                                                     | Mércores                                                                                     | Xoves | Venres |
|------------------------------------------------|---------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|-------|--------|
| <b>Xornada de mañá</b>                         | 10:05<br>a<br>13:25 |                                                                                            | 9:30<br>a<br>14:30                                                                           |       |        |
| <b>Comedor e extraescolares</b>                | 13:25<br>a<br>15:15 | Inicio do <b>comedor e saída</b> dos nenos non usuarios do comedor (sen bus)<br>14:30      |                                                                                              |       |        |
|                                                |                     | <b>Apertura de portas</b> para pais/nais de alumnado usuario de comedor (sen bus)<br>15:30 |                                                                                              |       |        |
|                                                |                     | <b>Saída dos buses</b> co alumnado transportado<br>16:00                                   |                                                                                              |       |        |
| <b>Xornada de tarde</b><br>15:15<br>a<br>16:55 |                     |                                                                                            | <b>Actividades extraescolares</b> (se hai demanda) e biblioteca atendida<br>De 16:00 a 17:00 |       |        |
| <b>Saída dos autobuses</b><br>16:55            |                     |                                                                                            | <b>Recollida</b> dos nenos/as da biblioteca ou extraescolares (sen bus)<br>17:00             |       |        |

O horario do luns permanece igual que o que temos actualmente.

De **martes a venres** teríamos sesión única pola mañá.

A entrada sería ás 9:30 horas e o final das clases sería ás 14:30 horas garantizando as **5 horas lectivas** incluíndo o recreo do mesmo xeito que ata o de agora.

Os pais/nais dos nenos/as que non se quedan ao comedor poden recoller aos seus fillos ás 14:30h.

Teríamos servizo de **comedor** de 14:30h a 16:00h. Ao rematar o comedor, saerían os autobuses co alumnado transportado.

Abriríamos as **portas ás 15:30h** para aqueles pais/nais que deixen ao seu fillo/a a comedor pero prefiran recollelo antes da saída dos buses.

**De 16:00 a 17:00 o centro permanecerá aberto con actividades extraescolares (se hai demanda) e coa biblioteca aberta e atendida por dous mestres.**

CEIP



A GÁNDARA



# Proxecto de xornada única

Avd. Mª Paz de Tor s/n

Monforte de Lemos (Lugo)

Tfno: 982 400 158

e-mail: [ceip.agandara@edu.xunta.es](mailto:ceip.agandara@edu.xunta.es)

[www.edu.xunta.es/centros/ceipagandara](http://www.edu.xunta.es/centros/ceipagandara)

## Que é a xornada única?

A xornada única consiste en desenvolver o horario lectivo do alumnado só de mañá, coa única interrupción do tempo de recreo, de ahí que tamén se lle chame “**xornada continua**”.

## Que precisamos para a súa implantación?

O voto favorable do 58% do censo das nais, pais ou titores legais do alumnado. A efectos de establecer o total do censo, computarase a nai, ou o pai, ou un dos titores legais do alumno/a.



## Requisitos

Regulado na orde do 29 de maio de 2008 (DOG do venres, 6 de xuño de 2008).

- Acordo favorable por maioría dos tres quintos claustro de profesores do centro.
- Acordo favorable por maioría dos tres quintos do consello escolar.
- Informe favorable do Servizo de Transportes da Delegación Provincial.
- Acordo favorable do 58% do total do censo das nais, pais ou titores legais do alumnado (computarase a efectos de censo a nai, o pai ou un dos titores legais).
- Plan de actividades extraescolares.

## Por que a solicitamos?

Como resposta á petición de familias do noso centro, do Claustro e do Consello Escolar

## Que cambio supón respecto á anterior xornada?

O cambio fundamental será no horario escolar, que se desenvolve nunha sesión matinal de 5 horas lectivas.

Na xornada partida, ademáis do recreo temos unha interrupción das clases durante o tempo que dura o comedor.

## Os meus fillos/as terán menos horas de clase?

**NON.** En absoluto. O número total de horas lectivas do alumnado será de **25 horas lectivas** á semana, igual que ata o de agora.

## Desaparecen as extraescolares?

**NON.** As actividades extraescolares seguirán desenvolvéndose en horario de comedor, e ademáis poderán ser realizadas tamén pola tarde no caso de haber demanda.

## E o comedor e o transporte?

Seguiremos ofertando os servizos de **comedor e transporte**, pero con distinto horario.

## Entón a que hora saen os nenos/as?

Haberá varios horarios de saída para adaptarse ás distintas situacións familiares:

**14:30** alumnado **non usuario de comedor** (sen bus).

**15:30** alumnado **usuario de comedor recollido** por pais/nais (sen bus)

**16:00** alumnado usuario de **comedor e transporte escolar (saída dos buses)**.

**17:00** alumnado que sae da **biblioteca ou extraescolares recollido** por pais/nais (sen bus).